

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido a unha solicitude de compensación a familiares de dependentes falecidos

Expediente: G.6.Q/12619/16

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de .....referente á solicitude de cobro por familiares dependentes falecidos.

#### ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que a súa nai [REDACTED] o 14/1/09 presentou solicitude de valoración de dependencia. Realizouse proposta do programa de atención individual, solicitando a axuda por cuidados na contorna familiar, posto que era atendida pola súa nora, [REDACTED]. O 24/3/14 falece. O 2 de novembro de 2014 presentou solicitude do dereito ás prestacións económicas dos solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento do recoñecemento da situación de dependencia a través dos servizos sociais do Corgo. O 25 de novembro de 2015 a consellería dita resolución ("desestimar a solicitude"). O 30 de decembro de 2015 presentouse recurso de alzada; achegouse un informe dos servizos sociais e alegábase sobre o alta na seguridade social da coidadora. A día de hoxe, hai seis meses, non se recibiu ningunha contestación. A dependente atopábase moi mal, como así o acredita o grao de dependencia recoñecido, e que en todo momento foi atendida na súa casa pola súa nora.

2. Ante iso requirimos información á Consellería de Política Social, que nola remitiu. Nela sinalase o seguinte:

“O 30 de decembro de 2011, [REDACTED], achega unha solicitude de recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema, recoñecéndosele nunha situación de dependencia en grao III nivel 1. O 13 de abril de 2012, o Órgano de Valoración da dependencia da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Traballo e Benestar emite unha proposta de programa individual de atención que establece como modalidade de intervención a libranza para cuidados no contorno familiar, propondo como coidadora a [REDACTED]. O 24 de marzo de 2014, prodúcese o falecemento de

. O 2 de novembro de 2014 [REDACTED], en condición de representante da comunidade herdeira, solicita a efectividade do dereito ás prestacións económicas dos solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento de recoñecemento do grao e nivel de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia.

A Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes (DOG núm. 9 do 13/01/2012), establece no artigo 91.4 que no caso de libranza para coidados no contorno familiar, considérase persoa beneficiaria da solicitude indicada no parágrafo anterior, á persoa coidadora non profesional sempre e cando cumpra os requisitos. O 6 de novembro de 2015 emítase Ditame Proposta de resolución desestimatoria do dereito á efectividade das prestacións solicitadas en base a que: - Por unha banda, o informe social emitido polos Servizos Sociais do Concello do Corgo, non acredita a efectividade dos coidados durante o período de referencia segundo o establecido no artigo 94. - Por outra banda, a coidadora non profesional, [REDACTED], non cumpre o requisito específico para a libranza de coidados no contorno familiar do artigo 97.1 en relación ao artigo 37.2 e) da citada Orde "reunir as condicións de afiliación, alta e cotización á Seguridade Social na forma establecida no Real Decreto 615/2007, do 11 de maio, polo que se regula a Seguridade Social dos/as coidadores/as das persoas en situación de dependencia". O 25 de novembro de 2015 emitíuse a resolución desestimatoria conforme ao ditame proposto indicado no parágrafo anterior. Esta resolución notificouse o 3 de decembro de 2015. O 30 de decembro de 2015 achégase un recurso de alzada contra a resolución anterior. Os recursos administrativos estanse a resolver por estrita orde de entrada en base ao regulado no artigo 74.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No artigo 115.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, establécese que o prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de 3 meses. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución, poderá entenderse desestimado o recurso (...); sen prexuízo da obriga da Administración de resolver expresamente. No caso dos recursos de alzada formulados contra os actos expresos ou presuntos, nos expedientes de recoñecemento do dereito á efectividade das prestacións económicas dos solicitantes falecidos, o volume de xestión non permite resolver coa axilidade necesaria. O recurso de alzada atópase actualmente pendente da emisión da resolución pola secretaria xeral técnica desta Consellería sen que poida indicarse unha data previsible para a súa resolución expresa".

3. Unha vez examinado o informe trasladamos á consellería unha valoración provisional e requirimos que con urxencia facilitara aclaración sobre as causas da esixencia que se

menciona para a compensación, que faría que a maior parte dos casos de retrasos sen prestación non tiveran compensación; sobre o que resolveuse ou resolverá no recurso pendente; sobre as medidas adoptadas ou previstas; e sobre as demais circunstancias relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa. A Consellería de Política Social que nola remitiu e sinalou o seguinte:

“... Antecedentes de feito.

O 30 de decembro de 2011, ██████████, achega unha solicitude de recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema, recoñecéndosele nunha situación de dependencia en grao III nivel 1.

O 13 de abril de 2012, o Órgano de Valoración da dependencia da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Traballo e Benestar emite unha proposta de programa individual de atención que establece como modalidade de intervención a libranza para coidados no contorno familiar, propondo como coidadora a ██████████.

O 24 de marzo de 2014, prodúcese o falecemento de ██████████.

O 2 de novembro de 2014 ██████████, en condición de representante da comunidade herdeira, solicita a efectividade do dereito ás prestacións económicas dos solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento de recoñecemento do grao e nivel de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia.

A Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. (DOG núm. 9 do 13/01/2012), establece no artigo 91.4 que no caso de libranza para coidados no contorno familiar, considérase persoa beneficiaria da solicitude indicada no parágrafo anterior, á persoa coidadora non profesional sempre e cando cumpra os requisitos.

O 6 de novembro de 2015 emítase Ditame Proposta de resolución desestimatoria do dereito á efectividade das prestacións solicitadas en base a que:

- Por unha banda, o informe social emitido polos Servizos Sociais do Concello do Corgo, non acredita a efectividade dos coidados durante o período de referencia segundo o establecido no artigo 94.

- Por outra banda, a coidadora non profesional, [REDACTED], non cumpre o requisito específico para a libranza de coidados no contorno familiar do artigo 97.1 en relación ao artigo 37.2 e) da citada Orde "reunir as condicións de afiliación, alta e cotización á Seguridade Social na forma establecida no Real Decreto 615/2007, do 11 de maio, polo que se regula a Seguridade Social dos/as coidadores/as das persoas en situación de dependencia".

O 25 de novembro de 2015 emitíuse a resolución desestimatoria conforme ao ditame proposta indicado no parágrafo anterior. Esta resolución notificouse o 3 de decembro de 2015.

O 30 de decembro de 2015 achégase un recurso de alzada contra a resolución anterior.

Fundamentación legal.

Capítulo VII (artigos do 88 ao 108) da Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes

Consideracións técnicas 1.- O procedemento BS211A (recoñecemento do dereito á efectividade das prestacións económicas dos solicitantes falecidos durante a tramitación do procedemento de recoñecemento de grao e nivel e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia), é un procedemento distinto ao BS210A (de recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema). No caso do procedemento BS211A existe o requisito de estar cotizando á Seguridade Social, e refírese ás cotizacións das que fala o art. 2 do Real decreto 615/2007, do 11 de maio, sobre encadramento da Seguridade Social, porque á do convenio especial non é posible, xa que sería necesaria a resolución de PIA. Reiterámonos pois no cumprimento do artigo 97.1 en relación 1 en relación co artigo 37.2.e da Orde de 2 de xaneiro de 2012, xa que a coidadora non reúne as condicións de afiliación, alta e cotización á Seguridade Social na forma establecida no Real Decreto 615/2007, do 11 de maio polo que se regula a seguridade social dos/as coidadores/as das persoas en situación de dependencia e no período de referencia dos coidados. 2.- Os recursos contra a resolución do procedemento BS211A do recoñecemento do dereito á efectividade das prestacións con cargo ao Sistema de Atención á Dependencia dos solicitantes falecidos estanse resolvendo por estrita orde de entrada, conforme ao artigo 74.2 da extinta lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (revisión actual recollida no artigo 71 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo

Común das Administracións Públicas. Seguindo esa estrita orde de entrada, e dado o volume de xestión que non permite resolver coa axilidade necesaria, actualmente estanse resolvendo os recursos de xaneiro de 2013. Polo tanto o recurso de alzada atópase actualmente pendente de resolución sen que se poida indicar unha data previsible para a súa resolución expresa”.

## ANÁLISE

1. Como sinalamos na valoración remitida con anterioridade e noutras recomendacións, a consellería argumenta que nos casos en que a proposta de atención era para unha prestación económica para coidados na contorna familiar e non chegou a concretarse mediante a aprobación do PIA durante moito tempo, non debe concederse a compensación se o coidador ou coidadora non estivera dado de alta na Seguridade Social mesmo antes do propio PIA, isto é, de que empezara a cobrar.

Tal esixencia non parece razoable. Nun primeiro momento os custos da Seguridade Social eran asumidos pola propia administración, sen que tivera que cotizar o coidador ou coidadora, polo que a alta e o pago da propia administración (do Estado) so tiña efectividade cando aprobábase o PIA correspondente, cousa que non se deu. Posteriormente o Estado deixou de asumir o custe da Seguridade Social; porén, da mesma forma que antes, a alta so podería ou tería que darse cando se comezara a cobrar a prestación, polo que tampouco neste intre parece razoable entender que debe ser condición para a compensación a alta que se menciona, senón unicamente a efectiva prestación dos coidados.

A meirande parte dos casos de importantes retrasos e reclamacións para compensación por falecemento sen PIA débense a propostas para prestación económica por coidados na contorna familiar; e tamén a meirande parte dos coidadores non se deron de alta na Seguridade Social precisamente polo retraso no recoñecemento desa condición mediante o PIA.

2. Por outra banda a consellería alega que “o informe social emitido polos Servizos Sociais do Concello do Corgo, non acredita a efectividade dos coidados durante o período de referencia segundo do establecido no artigo 94”. Porén, o informe (aportouse coa queixa) sinala que a persoa dependente estivo atendida na súa casa pola súa nora, ██████████, “sendo por tanto procedente o recoñecemento do dereito a efectividade das prestacións económicas no entorno familiar polos coidados prestados a súa sogra dependente dende o 26 de maio de 2011 ata a data do seu falecemento o día 24 de marzo de 2014”.

3. No relativo ao recurso pendente, o prazo de resolución venceu hai tempo, polo que debера terse resolto; o feito de que dérase resposta presunta (silencio negativo) non implica

que a administración xa non teña a obriga de responder. Nesa resposta debería aclarase o fondo do asunto. Tales circunstancias xa foran postas de relevo na valoración provisional e agora se confirman. O retraso é moi significativo; se recoñece que “actualmente estanse resolvendo os recursos de xaneiro de 2013”.

4. Ao marxe do procedemento que tratamos os afectados poderían instar a vía da reclamación patrimonial regulada na Lei 39/2015. Porén, a reclamación específica que tratamos aprobouse polo Decreto 15/2010, desenvolto pola orde do 2 de xaneiro de 2012, para afrontar os frecuentes retrasos dos procedementos de dependencia e no seu caso as responsabilidades en caso de falecemento das persoas dependentes co retraso na atención. Aprobouse despois da intervención desta institución para promover un medio específico como alternativa áxil, sinxela e curta ás comúns. Para que resulte efectivo o procedemento alternativo debe ter unha aplicación adecuada, posto que en caso contrario fórzase a reclamacións mais complexas, largas e custosas para os moitos afectados, o que pretende evitarse co procedemento *ad hoc*.

5. O reclamante demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que obriga aos poderes públicos a realizar unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos discapacitados físicos, sensoriais e psíquicos, aos que prestarán a atención especializada que requiran e os amparará especialmente para o goce dos dereitos que este Título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

## CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

*Que con urxencia se resolva sobre o recurso de alzada pendente promovido contra a denegación dunha compensación polo falecemento dunha persoa con dependencia, sen atención e co seu expediente retrasado, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos; e que con carácter xeral se resolva o retraso dos recursos.*

*Que se faga tendo en conta que as razóns denegatorias do acto recorrido non parecen adecuadas (o informe do concello acredita os cuidados non profesionais, e a alta previa na seguridade social desvirtúa a finalidade do procedemento especial creado para compensar a falta de atención á dependencia de persoas falecidas); e que se ese órgano considera que*

*non é posible actuar desa forma coa presente orde, entón promova a modificación das previsións que considere para facilitar a actuación recomendada.*

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdao atentamente.

Milagros M<sup>a</sup> Otero Parga  
Valedora do Pobo